



ANXELES GONZÁLEZ CRUXEIRAS, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte moción ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa dotación dun salón de actos á Casa de Cultura de Carreira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Fai arredor de dous meses que á veciñanza de Carreira lle foi pechado o salón de actos da Casa da Cultura; éste era o local co que contaba a parroquia para que as súas Asociacións, a Comunidade de Montes e as ANPAS da zona celebraran as reunións, asembleas, festivais,

Este entorno atopábase nun estado de "semiabandono" e estaba sendo infrautilizado, culpa en parte do Goberno Municipal, porque a pesares de ser a terceira parroquia do Concello en número de habitantes, fai xa tempo que a mesma, non forma parte dos programas do Concello para a realización de actividades culturais e festivas para os rapaces en períodos vacacionais. Aínda mesmo, este Nadal, foron moitos os nenos que tiveron que desprazarse a parroquias limítrofes para poder participar deste tipo de actividades.

A pesares de todo isto, os Colexios si estaban realizando nese salón de actos os seus festivais de Nadal, os magostos, e outro tipo de festas que as ANPAS tiñan a ben organizar. Alí celebrábanse tamén Asembleas da Comunidade de Montes e doutras Asociacións da parroquia.

Dende o BNG, non consideramos de recibo que se pechen este tipo de locais que son un motor de dinamización para as parroquias do Concello, e se habiliten como foi o caso, para montar un bar. Aínda, considerando que si era importante a apertura dese bar, pois era unha forma de achegamento da xente a un espacio que estaba sendo infrautilizado, non é normal que se faga á costa de privar a toda a veciñanza dun centro social onde reunirse.

Por todo isto o Grupo Municipal do BNG solicita o apoio da Corporación Municipal para a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Que por parte do Goberno Municipal, se fagan as xestións oportunas e coa máxima celeridade posible, para dotar á veciñanza de Carreira dun salón de actos.

Ribeira, 12 de XANEIRO de 2008

Asdo.: Anxeles González Cruxeiras

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA